



Concello de Sarria

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLO CONCELLO DE SARRIA PARA A PROVISION, DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE CONTRATACIÓN, COMO FUNCIONARIO INTERINO DA ADMINISTRACIÓN XERAL, PERTENCENTE Ó GRUPO A, SUBGRUPO A2, CON CARGO AO PROGRAMA PLAN PROVINCIAL UNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018, ASÍ COMO A CONFECCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA.

1.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.

Na Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as 09:30 horas do día 11 de Decembro de 2018, constitúese o tribunal cualificador encargado de avaliar as probas selectivas de referencia, todo elo de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria que foron aprobadas por resolución da alcaldía nº 853/2018, de 13 de novembro do 2.018.

O tribunal quedou constituído polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: Dona Margarita Tarrío Álvarez, Técnica de Administración Xeral da Sección de Contratación do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Dona Loreto Rodríguez Costas, Técnica de Xestión da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Jaime Rodríguez Lama, Xefe da Sección de Procedementos Executivos do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria da Deputación de Lugo.

Titular: Don José Antonio Arias Lombardero, Técnico de Xestión da Sección de innovación e Participación Cidadá da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona M^a del Carmen Tuñas Dugnot, Xefa da Sección de Tesourería da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Ana María Vila Vázquez, Xefa de Sección de Patrimonio da Secretaría Xeral e Servizos Centrais da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Paula Rois Vila, Xefa de Sección de Gastos de Persoal e Subvencións do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo.

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Concello de Sarria

SECRETARIO:

Titular: Emilio Casal Fernandez, que actuará con voz pero sen voto.
Suplente: Rodrigo Arias Iglesias.

2.- PUBLICACIÓN DO CALENDARIO DE EXAMES:

III.- CALENDARIO DE EXAMES.-

En orde ao desenvolvemento do proceso selectivo, o tribunal , e respecto da fase de Oposición, o Tribunal acorda aproba-lo seguinte calendario de exames:

Primeiro exercicio da fase de oposición (art. 7.1 a) das bases da convocatoria):

A dita proba realizarase o próximo **xoves día 13 de Decembro do 2.018, ás 09:30 horas**, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria.

Segundo exercicio da fase de oposición (art. 7.1.b) das bases da convocatoria):

A proba correspondente ao segundo exercicio da oposición, celebrarase o **Lúns día 17 de Decembro do 2.018, a partires das 9:30 horas** á, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria.

Terceiro exercicio da fase de oposición (art. 7.1.c) das bases da convocatoria):

A proba correspondente ao terceiro exercicio da oposición, celebrarase o **Mércores día 19 de Decembro do 2.018, a partires das 9:30 horas** á, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria.

Exercicio sobre coñecemento da lingua galega (art. 7.1.d) das bases da convocatoria):

Declárase a exención de tódolos aspirantes da realización da proba de coñecementos da lingua galega pola acreditación da posesión de tódolos aspirantes do Celga 4.

IV .- PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN: CONVOCATORIA DE EXAME.

Os participantes no proceso selectivo quedan emprazados para o próximo **xoves día 13 de Decembro do 2.018, ás 9:30 horas, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria**, para o obxecto de realizar o primeiro exercicio da fase de oposición.

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Concello de Sarria

O exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dun cuestionario tipo test con 40 preguntas (máis 5 de reserva) con 4 respostas alternativas nun tempo máximo de 60 minutos sobre as materias comprendidas no temario establecido no Anexo I, incluíndo parte xeral e específica. As respostas correctas valoraranse con 0,5 puntos. Cada resposta errada restará 0,125 puntos.

Puntuación máxima: 20 puntos, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden 10 puntos.

O que se fai público en Sarria, no día da data.

O secretario,

(documento asinado dixitalmente á marxe)

Asdo.: Emilio Casal Fernández.